



Corpos escravizados. Escravidudes no século XXI

Rosa Andión Otero

O pasado sábado 21 de outubro celebrouse en Santiago o XXXIII Foro Encrucillada. Estabamos aí desde o máis fondo do pensamento cristián porque nos preocupa o tema das persoas excluídas, das tratadas como escravas. Imos logo ver como son estas escravitudes no século XXI. Precisamos tomar conciencia, comprometernos coa xustiza mover a política en coherencia co Evanxeo.

Comezamos cun recibimento cheo de apertas e sorrisos de benvida brindados pola mesa de acollida na que estaban Marisa Vidal, Pedro Castelao, María Cancelo, Manolo Villasenín, Elvira Santos, Xosé Manuel Camaña e Xosé Manuel Pensado.

Empezou o Foro, despois da presentación do mesmo por Antón Gómez González, cun estudo baseado na experiencia, a cargo da profesora de U. P. Comillas Carmen Meneses Falcón,

que nos achega de xeito claro e conciso, desde o traballo de campo, datos sobre explotación sexual, vítimas de trata (recolidas como tales desde a lei do 2010) e tráfico de persoas que xa é tipificado como delito contra o Estado.

Fíxonos unha fonda aclaración destes termos, requisito imprescindible para o traballo social e legal. Aclaroume moito e contextualizou a trata de seres humanos como delito contra as persoas, con fins de explotación sexual, laboral, tráfico de órganos ou matrimonios forzados. Foi instrutivo tamén precisar ben os termos para non confundir prostitución con trata, para saber que o problema máis grande é a lei de estranxeiría («se as persoas non estiveran desprotexidas non terían que agacharse»). Carme falou tamén alto e claro da relación entre xénero e prostitución; a

perspectiva de xénero é fundamental!, con isto deixoume un grande e fondo interrogante.. «como se constrúe a masculinidade no noso país..?»». Xa aterrrou, sempre con cifras reais, en que a trata con fins de explotación sexual ten gran demanda no noso país: 1/3 dos varóns españois teñen utilizado os «servizos» dunha muller prostituída! (Neste punto todo o auditorio colleu aire...).

As causas son varias: o incremento da pobreza, a feminización das migracións e o aumento de redes mafiosas (desvío cara a trata con fins de explotación sexual procedente do tráfico de drogas e armas). Quedou clara a necesidade de abordar o tema desde a perspectiva de xénero (as vítimas son mulleres) e os dereitos humanos (precisamos restituír os dereitos e a dignidade básica das persoas).

As liñas de acción: detectar-identificar-rescatar. Así que hai tarefa abonda: a detección desde as ONG's e os corpos de seguridade, a identificación desde equipos multidisciplinares que se acheguen sen poñer en perigo e rescatar xerando espazos de protección, con habilidade, sabendo que para «ser» vítima

hai que denunciar e sabendo que temos que rescatar as máis posible.

Xa custaba respirar... os datos son arrepiantes.

A media mañá fixemos unha pausa e nun alarde de coherencia coa xustiza social tomamos o café e pastas que nos preparou a Asociación Panxea de comercio xusto. A min persoalmente servíume para cortar o xeo, respirar fondo e conectar con camiños posibles de acción. Foi moi agradable o momento do café. Encantoume que fora a cargo de Panxea, paréceme un acto de coherencia (*chapeau* á iniciativa!). Todo demasiado rico e de calidade caseira para pagar tan só un euro. Supoño que non se cubriron costes e propoño subilo algo para o ano que vén. O permanecer todos no local facilitou convivencia e posibilitou achegarse e charlar sobre a emocionante e sobrecolledora charla anterior, axudando a facer debate desde as bases.

Despois do descanso entramos no segundo e igualmente claro, saleroso e impactante relatorio a cargo de Elena Arce que nos adentrou na necesidade de coñecer as ferramentas que

existen para poder intervir na erradicación destas escravitudes. Elena falou desde a asessoría da oficina da Defensora do Pobo de Madrid, que elabora informes a resultas dos que o 70 % das súas recomendacións son seguidas e aceptadas. A primeira cuestión importante é a 'visibilización': presentar a trata como vulneración dos dereitos humanos. Mostrounos as ambigüidades das definicións que fan que sexa moi difícil probar os casos de trata e explotación sexual (un 79 % da trata é para a explotación sexual; o 18 % ten como destino os traballos forzados). Aínda remoía eu a dificultade deste primeiro paso da identificación do delito e xa nos estaba a propoñer o segundo gran reto: 'a protección'. O convenio de Varsovia di que o estado ten a obriga de protexer ás vítimas de trata, polo que fixo moito fincapé na importancia de reforzar estratexias de protección, desde un enfoque integral e global baseado nos dereitos humanos (non só desde a perspectiva policial).

O gran reto sería facer un protocolo nacional contra a trata, e atopar «encaixes» para que as ONG's colaboren máis

nos procesos, sobre todo no da identificación da trata.

Despois chegou a pausa do xantar, para repoñer as forzas tan precisas. Eu quedei tocada, impresionada de velo todo tan ben dito e tan claro, tan urxente como difícil e desafiante. Pola tarde o Foro comezou cunha ben artellada, plural e experiencial mesa redonda na que todas as compañeiras falaban desde as súas vidas, implicadas na experiencia do cotián con outras mulleres. Comezou Lourdes Pazo, de Vagalume, que remarcou os datos que expuxeron pola mañá desde a comarca de Compostela e subliñou que a meirande parte das mulleres enleadas en cadeas de trata non entran en estatística, que o 80 % son migrantes ou de orixe estranxeira e que as características de partida son mulleres que arrastran débedas familiares, que están illadas fisicamente (nos clubs de aldea, polígonos industriais, etc.), que non teñen documentación, que lles impiden comunicarse e denunciar calquera tipo de violencia e que veñen de situacións de máxima pobreza. En destino a situación xeopolítica non axuda: crise económica, lei de estranxeiría que dificulta a súa re-

gularización, leis restritivas para acceder á asistencia sanitaria (polo que teñen que recorrer a facultativos obxectores ou voluntarios). E a isto engadir que Servizos Sociais tampouco atende a mulleres sen documentación. O programa Vagalume fai un montón de actividades, tanto xurídicas para axudarlles a recuperar a cidadanía (acceder á nacionalidade), como para incrementar a súa autonomía e autoestima con diferentes obradoiros.

Desde Xiara (asociación para o emprego doméstico) faláronnos Mercedes Andrade e Teresa Rodríguez da cotiá realidade dunhas traballadoras que son unha necesidade social cada vez maior e que tamén ten rostro feminino. Compartiron os riscos de escravitude que hai no sector: un colectivo no que a sociedade non se involucra e que reivindica a cualificación profesional á que teñen dereito traballando no cambio da lexislación. Faláron da evolución que viviron desde o 2003, ano no que sentaron as bases para un cambio social que sucedeu no 2012, ano no que conseguiron ter contratos de emprego a través da Seguridade Social (non do INEM, como o resto

das traballadoras). Mercedes e Teresa leváronnos a facer a facer unha análise fonda de como se resolven na nosa sociedade os problemas derivados do coidado.

A última que interveu na mesa foi Olaia Rodríguez, deputada do BNG, que coa súa voz de delicioso galego, firme, e moi concisa, toca unha das escravitudes máis de «actualidade» e que está a xerar grande «controversia»: os ventres de alugueiro. Comeza por aclarar o eufemismo da linguaxe neste tema cando lle chaman «maternidade subrogada» e nola presentou como unha forma máis de explotación das mulleres (por se xa tiñamos poucas...). A lei española prohibe os ventres de alugueiro: non está permitido contratar un útero para a crianza), así que familias do estado español van a outros países onde hai menos restricións. Contounos como se están a facer propostas de reforma desde o partido político Ciudadanos e a Iniciativa Lexislativa Popular que leva adiante a Asociación pola maternidade subrogada, baixo argumentos de «altruismo» que non son máis que falacias para dulcificar a utilización das mulleres como obxecto mercantil cun contra-

to (real) de máis de 9 meses no que ceden a capacidade de decisión do seu corpo (alimentación, estilo de vida, etc.) para garantir que o «produto final», o bebé, sexa o mellor posible...!!! Que forte!!! Por todo isto desde a política do BNG estase a traballar cos argumentos de que a maternidade non é un dereito (é un desexo), que isto non é unha práctica de reprodución asistida senón unha mercantilización, e que neste debate hai agochada unha cuestión de xénero e de clase (as candidatas son sempre mulleres máis empobrecidas e excluídas). Así que hai unha firme oposición para que se erradique esta práctica tanto aquí coma noutros países.

Impresionante atoparse con este compendio de escravitudes con rostros de mulleres, arrepiante ver como aínda se inventan máis xeitos de escravizar os corpos das mulleres...

O foro pechou cun recital poético de Marilar Aleixandre centrado nas mulleres que sofren trata, refuxiadas, prostituídas... Unha proposta de peche moi acertada que nos presentou Marisa Vidal. Non me podo resistir a poñervos unha mostra da intensidade da lectura de

Marilar cun fragmento do poema *As devandadoras da seda*:

Verme da seda
corroído por unha fame ancestral
en poucas semanas
devora cincuenta mil veces o seu
[peso
nalgures, as devandadoras
comen os vermes
corroídas pola fame
ou lembranzas da fame
nalgures, pola fame
cincuenta mil rapazas
devoradas polo comercio sexual
nalgures, corroídos desde dentro
homes que comercian coa carne
como vermes.

Quedan moitos desafíos, moitos retos, pero o Foro Encrucillada foi unha brillante e acertadísima oportunidade de visibilizar para actuar, e de coñecer liñas de acción para poder poñer o pensamento e o sentimento cristián ó servizo da dignidade das persoas, da xustiza. Noraboa!!

Grazas Encrucillada por atrevos e agasallarnos con esta valente visión das escravitudes no século XXI. Agora queda o traballo para dar pasos e facer realidade a coherencia evanxélica.

Rosa Andión Otero